


O PROCESO



Tít. orixinal: *Le Procès*

Ano: 1962

Duración: 118 min.

País: Francia

Dirección: Orson Welles

Guión: Orson Welles

Música: Jean Ledrut

Fotografía: Edmond Richard

Reparto: Anthony Perkins, Romy Schneider, Jeanne Moreau, Orson Welles, Elsa Martinelli, Akin Tamiroff

Productora: coproducción Francia-Italia-Alemaña

Xénero: intriga


Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: un home chamado Joseph K espértase un bo día coa desagradable sorpresa de que foi acusado dun acto criminal que descoñece e que non cometeu. A súa indagación dos feitos que o conduciron a esta situación dramática e o posterior proceso rematarán por levalo á desesperación. Cando dous xenios encóntranse doamente pode realizarse una obra mestra como "O proceso". A homónima novela de Kafka é filtrada polo barroquismo e expresionismo do gran Orson Welles nun enorme exercicio de ética e estética.

O proceso, por M^a José Osorio



A grandiosa música de Albinoni elévanos por riba da historia, permítenos ser espectadores da acción xulgándoa obxectivamente, dende unha posición superior, dado que nós somos os únicos xuíces deste entramado de relacións e fragmentos que expresan unha soa idea: a xustiza non sempre é xusta porque a aplican homes poderosos convencidos de saber como xulgar ós seus semellantes, é máis, enfatiza que, ó igual que nas relacións humanas, tamén a xustiza é ás veces invisíbel, abstracta e ilóxica.



É esta melodía a que se manifesta como significante dun significado, cada vez que percibimos a súa presenza acordámonos da porta infranqueábel polo bo cliente, acordámonos do gardián que non permite pasar ó home, así, obtemos a súa verdade; a desesperación dun home que necesita acceder ó cumio do poder e o drama da súa derrota.

Orson Welles puxo especial interese polos decorados, a estación de tren parisina Gare D'Orsay aporta á historia ese espazo catastrófico que lle correspondía. Na escena na que a eivada porta o baúl da Srta. Burstner, vemos un fondo sen vida, triste, os edificios cadrados son dunha cor uniforme e tódalas ventás e portas están perfectamente aliñadas como se quixeran expresar a orde do sistema, poderíamos atoparnos ante os decorados dun filme bélico, tódolos edificios e rúas están vellas, as paredes cáense e a medida que K abre máis portas a realidade preséntase máis crúa.

O autor plasma a natureza das personaxes a través dos picados e contrapicados que reflicten a loucura surrealista da trama. A súa personaxe, o avogado Hassler, aparece retratado como un home seguro, firme, codicioso e despiadado; a cámara enfócao dende abaixo para acentuar o seu carácter, algo que contrasta coa información que o cliente do avogado aporta a K sobre a verdadeira posición de Hassler e o aspecto demacrado das habitacións da súa casa, ademais, o detalle de utilizar veas en vez de luz eléctrica, imaxe das condicións do maxistrado, fai que a fastosa vivenda pareza máis tenebrosa, escura e misteriosa. Por outro lado, os policías tamén son retratados dende abaixo para acentuar o seu duro e frío aspecto. Os ángulos contrapicados tamén son empregados no caso dos axudantes da súa oficina, véseos coma artimañas, case causantes do caos que afronta K, aparecen e desaparecen en escena coma pantasma, como si pertenceran ó imaxinario do protagonista.

O director americano emprega de forma extraordinaria ambos ángulos para amosar o triple carácter de Joseph. En ocasións, cando se sinte superado polas circunstancias, Welles emprega picados. Preséntasenos a un home feble, abatido, indefenso e desesperado, transmítenos a súa

confusión e delirio de xeito que nos sentimos consternados polo asunto. Noutras, preséntasenos a un home decidido a rematar coa farsa que encerra o tribunal, un home que tentará defender como el mesmo di "un principio" e ó que non lle importarán as posíbeis consecuencias da ameaza (como anuncia o inspector na terraza da pensión) que representa ante o sistema.

Anthony Perkins, a través da súa excelente interpretación, facilítanos as ferramentas para contemplar a contrariedade da filme. El denuncia a inaccesibilidade do poder, rexeita a vaidade das autoridades, do avogado, de Leni e da señora Grubach pero non se percata do paralelismo da súa actitude coas que el odia. K rexeita entrevistarse coa súa curmán Irmie cando vai a visitalo (en toda a filme non se ve nin unha soa vez traballando) e que, como el dí "a xente espera semanas para verme". Pode ser por iso culpábel?

Orson Welles amosa perfectamente o carácter das portas, a través do son da porta ó pechase e coa axuda da música, reflicte todo o que a acción (pechar ou abrir) implica. Joseph percorre toda unha serie de labirintos, pasadizos, corredores que conducen inexorablemente a unha porta tras outra. Non é estraño que Welles filmara nun segundo plano da filme esa porta branca e fría que a Srta. Burstner lle pecha e que non se atreve a volver a cruzar. Dende este punto de vista, K é retratado coma un covarde incapaz de flanquear os obstáculos que se interpoñen no seu camiño. Na escena na que Hassler lle dí "levar cadeas é ás veces máis seguro que ser libre" e el, furioso, rompe a porta ó saír, sentencia o seu final posto que decidiu non agardar a que o gardián lle permita a entrada; ademais, cando Perkins está na sala do tribunal xunto coa esposa do ujier, non osa ler los libros para comprender os pasos a seguir no seu asunto ou como defenderse: límitase a dicir que lle está vetado saber de leis; cando Leni lle ofrece a chave da casa do avogado, coa que podería entrar e revisar documentos para descubrir que rumbo tomaba o seu proceso, a rexeita. É a súa vaidade o que lle impide aceptar a axuda dos demais.

A ineficacia do sistema amósase no proceso, cando K recorre as oficinas vese claramente a inutilidade da burocracia, centos de traballadores fabricando, persoas que realizan unha función pero que non saben máis alá diso. Welles reflicte este absurdo grazas á profundidade de campo, que lle permite encadrar todo o espazo e ó ángulo picado, que reforza a sensación de que eses traballadores son só formigas dunha inmensa cadea que non teñen importancia. O caos amósase con toda a



súa crueza na escena en que Perkins visita ó pintor, os berros das nenas eufóricas correndo polas escaleiras abafan tanto á personaxe como ó espectador; comprendemos que K se maree, o reducido espazo rodeado de madeiras maltreitas no que quedan ocos para reflectir que K está sendo observado en todo momento, esa mirada penetrante das nenas, os policías, os oficinistas e incluso da señora Grubach (ó comunicarlle que ela pensa que o detiveron por algo abstracto).

O final de "O proceso" é, sen dúbida algunha, absurdo, como toda a filme. Cando os policías deteñen a K e o levan a un descampado, pasan por diante da escultura en honor á xustiza; lembremos a escena na que Joseph atravesaba ese mesmo descampado para ir ó seu interrogatorio, o campo está cheo de persoas cun número colgado do pescozo, sucias e demacradas (recórdanos a un campo de concentración): K non mira a esas persoas nin amosa compaixón. Esta vez o campo está baleiro, os policías tíranlo no foso, déitanlo e se dispoñen a cortarlle o pescozo (a xustiza non ten rostro). O director reflicte o humano dos policías ó non poder cortarlle o pescozo, pásanse o coitelo uns ós outros sen decidir cal deles aplicará ese elemento abstracto e intanxíbel, con ás na filme. Ó final, cando K ríe dámonos de conta do verdadeiro drama do protagonista: sentirse culpábel sen saber por que.

"O proceso" é unha filme diferente, polémica, íntima e absurda. Orson Welles coa súa innegable maestría, logra transmitirnos a trama tan complexa que se inicia co indescifrable libro de Kafka. Na primeira secuencia da película, o director aclara que esta filme non ten ningún enigma ou misterio que resolver, e iso é o que nos agrada; anque sabemos que todo é un absurdo e que nada vai chegar a bo porto, estamos agradando ata o derradeiro instante para saber que é o que fixo o noso protagonista para ter que soportar todas esas calumnias e loucuras. Desexamos saber sobre todo, si é inocente ou culpábel porque coma sempre, caemos na trampa de pensar que hai unha razón e unha verdade indiscutibles para toda realidade, non nos damos de conta de que, si alguén pode xulgar ó protagonista, somos nós e non a xustiza.